



A FOLLA DA CGT

Núm. 29 - 10 xullo 2020

Hai que retomar a mobilización pola carga de traballo

A suspensión da actividade pola pandemia significou a paralización abrupta dunhas mobilizacións en demanda

de carga de traballo que xa chegaban **tarde, mal e a rastras**.

A situación é cada vez máis desesperada para milleiros de traballadores de Ferrolterra, moitos despedidos e metidos en ERTES coa escusa do coronavirus. E parece que as F-110, previstas para febreiro de 2022, se retrasarán.



É **urxente** que **nada máis volver** das vacacións se debata e decida en asemblea xeral un novo **calendario de mobilizacións**, que inclúa unha gran manifestación comarcal na que debemos sumar a tódalas empresas ameazadas, como Noa ou Cándido Hermida. Pero tamén temos que incorporarnos a unha loita máis ampla, de ámbito estatal, xunto á Nissan, Alcoa, Airbus, Alu Ibérica... en defensa dos empregos ameazados pola desindustrialización.

Manifestacións **conxuntas** en Santiago e Madrid, e unha gran **folga de toda a industria** animarían a outros sectores a poñerse en marcha.

O estado de alarma rematou. Non hai excusas. É necesario retomar a mobilización. Como xa están preparando os nosos compañeiros da baía de Cádiz.

Publicamos deseguido unha nota de Antonio, delegado dunha compañía auxiliar en San Fernando e membro da **CGT**, sobre as asembleas convocadas por **CGT** e outros sindicatos nas tres factorías da Baía:

Asambleas en la Bahía de Cádiz

En la asamblea de Puerto Real han participado unos 500 trabajadores y trabajadoras de las auxiliares y, al igual que en la de San Fernando, donde participaron unos 400, los puntos tratados han sido el incumplimiento del convenio, el incumplimiento del protocolo de seguridad y las movilizaciones y huelga. Este último punto fue sometido a votación y aprobado por unanimidad.

Además, se comenzará este martes que viene, a modo de protesta, la realización de

una culebra por todas las instalaciones, que termine en las puertas del edificio de Dirección para comer allí el bocadillo.

Por otro lado, los propios trabajadores en la asamblea han solicitado, e instado, a que las movilizaciones y la huelga comiencen antes de septiembre ante la poca carga de trabajo existente.

El ambiente fue muy bueno y se palpan las ganas de los compañeros de dar la batalla.

ASAMBLEA DE TRABAJADORES

NAVANTIA SAN FERNANDO JUEVES DÍA 2 DE JULIO A LAS 6:00 y 14:00

NAVANTIA CÁDIZ MARTES DÍA 7 DE JULIO A LAS 6:00

NAVANTIA P. REAL JUEVES DÍA 9 DE JULIO A LAS 6:00

EN LOS TORNOS DE ENTRADA A LA FACTORÍA.

INCUMPLIMIENTO DEL CONVENIO.

PROTOCOLO COVID-19.

CARGA DE TRABAJO.

SI NO REIVINDICAS TUS DERECHOS NADIE LO HARÁ POR TI.

A voltas cos novos ingresos

Na peor das tradicións de Navantia, esta semana entraron na nosa factoría algúns novos TS elixidos polo **dedo divino**, un deles "fillo de". Insistimos: tódolos novos ingresos teñen que ser por **exame**. Mentres non sexa así, continuarán as **inxustizas**.

Prazas de TS júnior: A **CGT** esixiulle á empresa a publicación da lista de aprobados da dinámica de grupo e a habilitación do correspondente período de reclamacións. A resposta foi que hai un único proceso. Non é certo porque non tódolos participantes na dinámica chegan á entrevista. Quen non a superou debe ter a posibilidade de **reclamar**. Outro exemplo máis de **arbitrariedade**.

Prazas de operarios-empregados júnior: Ademais do rexeitamento frontal a novas exclusións por formalidades burocráticas expresado no comunicado da **CGT** de onte, hai máis cousas que nos ratifican na idea de que isto non hai por onde collelo.

- Cando o comité recibiu os resultados do proceso de reinscrición, a **CGT** plantexou a re-

sión de varios casos de non admitidos que nos chamaban a atención. Un deles era un inscrito na especialidade de Bacharelato excluído por exceso de experiencia, que consistía en ser **repoñedor** nunha empresa de loxística. A dirección equiparaba un **mozo de almacén** cun **inspector de materiais** (unha das profesións incluídas nesa especialidade). Foi admitido.

- A **CGT** recibiu a consulta doutro excluído por non validez do título. Fallo da empresa. Si era válido e foi admitido.

Calquera pode ter un fallo. Pero o que non pode ter fallos é o proceso. E se para iso hai que **revisar** as cousas **varias** veces, haberá que facelo. Dados eses dous casos, plantexamos ó resto do comité a necesidade de revisar **tódolos non admitidos** da reinscrición (321 persoas). Infelizmente, a proposta caeu en saco roto. A **CGT** detectou dous erros. ¿Quen garante que non haxa máis sen detectar?

E a voltas coa FP Dual

O ano pasado, un dos ciclos da Dual foi decidido pola empresa sen informar previamente ó comité, que acabou por aceptalo dicindo que non podía volver a pasar. ¿Resultado? Este ano foron dous.

Isto motivou un pleno extraordinario do comité onte, que decidiu, co apoio de tódolos sindicatos menos CCOO, **rexear** a realización deses dous ciclos.

A **CGT** votou a favor porque cremos que as actuacións **unilaterais** da empresa merecen unha **resposta** sindical. Pero non só de palabra, tamén con **feitos**. E non só neste tema, senón en **todos**.

Outros pareceu máis ben que, tras apoiar en novembro a proposta de CCOO solicitándolle á empresa que habilite unha vía para a entrada directa en plantilla dos estudantes da FP Dual, andan agora cabreados porque non os teñen en conta e se quedan sen posibilidade de pillar "cacho" no negocio clientelar.



O domingo votas
se queres máis
médicos ou máis
curas

Teletraballo

O intercentros asinou un acordo coa empresa sobre o teletraballo no que se recoñece "como **mecanismo para protexer a saúde** dos traballadores/as" e que "**debe ter carácter preferente** como modalidade de traballo até tres meses despois da fin da vixencia do estado de alarma, tal e como recolle o real decreto-lei 15/2020".

Pero en realidade a empresa deu directrices para o retorno á actividade **presencial** de **todo o mundo**, incluídos **TES**. Iso si, **de palabra**, para non deixar probas documentais.

O comité permite na práctica saltarse o acordo, expoñendo a centos de traballadores de xeito irresponsable. **A CGT chama a tódolos traballadores que están teletraballando a rexear o retorno. Tamén chamamos a quen estivo teletraballando e tivo que retornar a solicitar a volta ó teletraballo.**

A maiores das reclamacións individuais, a **CGT** presentaralle á empresa a vindeira semana unha **reclamación colectiva** neste senso. De ser desestimada, á volta das vacacións convocaremos unha **concentración** para denunciar ante os medios de comunicación a **irresponsabilidade** da dirección.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



CGTNavantiaFE